

Tema 3. O Renacemento en Italia. Escultura.

Específiquense as características da escultura renacentista italiana e explíquese a su evolución, desde o Quattrocento ao Manierismo. Menciónense os seguintes autores e as súas obras: Ghiberti, Donatello, Miguel Anxo e Cellini.

O Renacemento italiano desenvolveuse durante os **séculos XV (Quattrocento) e XVI (Cinquecento)** coa convicción de alcanzar un renacer universal recuperando o modelo clásico de Grecia e Roma. Xurdiu en Italia, onde nunca se perdeu de todo a herdanza romana e onde se deu o contexto ideal para fraguar o novo estilo: a prosperidade económica e o desenvolvemento do humanismo propiciou a actuación de mecenas como os Strozzi ou os Medici; alí chegaron intelectuais bizantinos tras a caída de Constantinopla (1453) que ampliaron o coñecemento dos clásicos; e os artistas adquiriron de maneira definitiva consideración, sendo moitos intelectuais ou mesmo “xenios”, como Miguel Anxo.

Pretendíase recuperar o clásico pero non copiándoo senón **reinterpretándoo**. Como elementos xerais podemos enumerar que se mesturan temática relixiosa e profana. A mitoloxía será a gran protagonista. A valoración do home e o ascenso económico de certos grupos de poboación deu o pulo definitivo á retratística. O naturalismo progresa pero idealizado, representando a beleza absoluta. Comezará a captarse a psique dos personaxes pero os xestos aínda son comedidos.

O **Quattrocento** foi a época da experimentación, de transición á linguaxe á nova linguaxe artística. E Florencia foi o seu punto neuráxico. Os inicios comezan con Ghiberti e as súas Portas do Paraíso, no baptisterio da catedral florentina. Nelas recolle en bronce a influencia clásica do “**schiacciato**” para dar profundidade ás escenas.

O gran renovador foi **Donatello**. Con seu David recuperou o desnudo clásico, de liñas gráciles e con curva praxiteliana e acadando efectos lumínicos no bronce. Co Gatamellata a escultura ecuestre, inspirada na escultura romana de Marco Aurelio.



David
1504

No **Quinquecento** acadouse a perfección mediante o dominio da técnica. Roma será agora o núcleo artístico. **Miguel Anxo** iniciará a súa carreira traballando o mármore e con só 23 anos fai A Piedade, unha composición pechada, triangular; na que a Virxe sostén o corpo inerte do fillo. Co seu David da un paso máis respecto ao de Donatello. O David de Miguel Anxo ten unha mirada penetrante, o artista conseguiu plasmar a súa concentración. O movemento é contido pero perdeu a gracilidade do de Donatello, agora gaña robustez. O escultor plasma ata as venas da man, nun exercicio de naturalismo excepcional.

O gran artista do Manierismo foi **Benvenuto Cellini**. Tivo unha primeira formación con Miguel Anxo, logo trasládase a Francia e ao volver a Italia acadará o seu esplendor artístico. Escritor, orfebre e escultor abandora o clásico para plasmar o contorsionismo, a violencia...mesturando mitoloxía e simbolismo representa o triunfo de Cosme de Medici en Florencia co seu Perseo.



Perseo coa cabeza de Medusa
1554

Estes artigos son unha guía. Sobrepasan un pouco as palabras prescritas pola CIUG tendo en conta que ao enfrentarse a un exame con todo o temario sempre se esquecen certas cousas.

Tedes que plasmar os vosos coñecementos (vocabulario artístico, artistas, obras...) pero é un artigo divulgativo polo que a redacción ten que axustarse a ese obxectivo (non esquematicedes ou poñades simplemente “listas” de referentes ou conceptos).